


Grupo B xaneiro-marzo 25

BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL ROSALÍA DE CASTRO

Santa Cruz



MONOGRÁFICO A historia dentro da Historia

A literatura anticipase reveladora para comprender o mundo que habitamos, aproxímanos ao entendemento da Historia pasada, presente e futura. Para iso sérvese de historias máis pequenas, cotiás: a ficción achegándonos a pasaxes históricas.

LIBRO 1: NO TE VERÉ MORIR, de Antonio Muñoz Molina. 28/01/25

Durante a súa mocidade, Gabriel Aristu e Adriana Zuber protagonizaron unha apaixonada historia de amor que parecía destinada a durar para sempre. O futuro, con todo, tiña outros plans para eles. Separados durante cincuenta anos por un océano de incomunicación, ela atrapada na España da ditadura, el vivindo o éxito profesional en Estados Unidos, volven a atoparse no ocaso dos seus días.

LIBRO 2: A nosa cinza, de Xavier Alcalá. 11/02/25

Unha das obras máis populares da narrativa galega é "A nosa cinza". Xavier Alcalá (Miguelturra, 1947) lembra o mundo da infancia a través do seu protagonista, un rapaz que medra durante os anos da posguerra. Os días da escola, a adolescencia, coas súas inseguridades e medos, o espertar dos sentimentos amorosos e a descuberta do valor da amizade cóntanos o autor coa frescura e autenticidade do vivido. A experiencia cotiá feita literatura.

LIBRO 3: COMO MATÉ A MI PADRE, de Sara Jaramillo. 25/02/25

Mataron o seu pai e Sara cóntanos esta violencia que aínda non foi contada na literatura colombiana. Non a guerra civil, nin as guerras de independencia, nin as guerrillas, senón a historia de violencia nos oitenta e noventa.

LIBRO 4: AZUCRE, de Bibiana Candía. 18/03/25

Galiza, mediados do século XIX. O país está asolado pola fame e a enfermidade. A única saída para os mozos como Orestes Veiga pasa por buscar un futuro mellor en Cuba. Inxenuos pero cargados de ilusión, acabarán traballando nos campos de azucre de Urbano Feijóo de Sotomayor. Pero este empresario non espera traballadores, senón escravos. E é que o seu obxectivo é substituír os escravos africanos por compatriotas novos. Será entón cando descubran que «con sanguese fai o azucre».

LIBRO 5: SOSTIENE PEREIRA, de Antonio Tabucchi. 01/04/25

Lisboa, 1938. A opresiva ditadura de Salazar, o furor da guerra civil española chamando á porta, ao fondo o fascismo italiano. Nesta Europa percorrida pola virulenta pantasma dos totalitarismos, Pereira, un xornalista dedicado durante toda a súa vida á sección de sucesos, recibe o encargo de dirixir a páxina cultural dun mediocre xornal, o Lisboa.